

O COMPORTAMENTO SINTÁCTICO DOS CLÍTICOS NAS LINGUAS ROMÁNICAS

XAVIER FRÍAS CONDE

CES D. BOSCO, UNIVERSIDAD COMPLUTENSE DE MADRID

1. Introducción¹

Os clíticos románicos son un elemento cun comportamento moi concreto, cuxa aparencia actual vén desde os primeiros momentos da formación das diversas linguas. Máis adiante teremos ocasión de comprobar este fenómeno á vista da comparación do comportamento dos pronomes persoais en latín e nas linguas románicas actuais. Non obstante, non traballaremos con todos os romances. Na nosa análise fixarémonos no galego, o asturiano, o castelán, o portugués, o catalán, o francés, o italiano, o sardo (logudorés) e o friulano.


Os clíticos románicos posúen ademais varias características coas que convén comezar esta exposición. En primeiro lugar, trátase de *pronomes* no sentido tradicional do termo, mais cunha ligazón fortísima ao verbo, ata o punto de se tornaren en elementos cuasi-verbais, sen por iso perderen a súa natureza nominal orixinaria. Esta é, precisamente, a nosa teoría de arranque e sobre a que sostemos toda a nosa exposición.

Ademais do anterior, cómpre dicir que os clíticos románicos teñen certos trazos que os fan excepcionais. Primeiro, son sempre átonos –o cal non acontece en latín–; segundo, tenden á próclise (aínda que hai excepcións importantes); terceiro, por esa natureza mixta á que me refería antes entre verbos e nomes, poden funcionar como núcleos funcionais pero ao mesmo tempo seguen a facer referencia a elementos temáticos emerxidos do verbo.

2. O noso marco

Para a nosa exposición, utilizaremos o marco que fornece o Programa Minimista (fig 1):

Fig.1



¹ Agradezo sinceramente os comentarios que o profesor Guido Mensching (Freie Universität Berlin) e o profesor Giorgio Cadorni (Univerzita Karlova, Praga) fixeron deste traballo cando estaba en elaboración, así como os melloramentos que puideron ser incorporados mercé a eles.

3. Expresión do caso funcional

Á vista da comparación entre o comportamento dos clíticos románicos, podemos interpretar que o románico creou un sistema de clíticos con conservación de caso funcional (que non sempre coincidiu co que tiñan orixinariamente os pronomes latinos dos que derivan). Conservaremos a denominación dos casos segundo o latín por comodidade. Damos arreo a lista referente só á terceira persoa (sg.) que é onde se encontra o paradigma completo.


Fig. 3

	Nominativo	Acusativo	Xenitivo	Dativo	Ablativo
Galego-Port		<i>o, a</i>		<i>lle [lhe]</i>	
Español		<i>lo, la</i>		<i>le</i>	
Catalán		<i>lo, la; ho</i>	<i>en</i>	<i>li</i>	<i>hi</i>
Italiano		<i>lo, la</i>	<i>ne</i>	<i>gli, le</i>	<i>ci / vi</i>
Sardo (log.)		<i>lu, la</i>	<i>nde</i>	<i>li</i>	<i>nci / bi</i>
Francés	<i>il, elle</i>	<i>le, la</i>	<i>en</i>	<i>lui</i>	<i>y</i>
Friulano	<i>al, e</i>	<i>lu, le</i>	<i>indi</i>	<i>i</i>	<i>i</i>

4. Tratamento do obxecto: un novo *pro*?

A concordancia de obxecto pode causar un problema de interpretación. A cuestión sería cómo interpretarmos os complementos do verbo, visto que estes non teñen necesidade de seren explicitados. No caso de se tratar dun verbo cun só complemento (fig. 4), interpretamos que dito complemento sería concretamente o obxecto directo. Esta é, xa que logo a nosa interpretación, posto que tal *pro* podería explicitado (xeralmente vai implícito ou cuberto) cun Sintagma Cuantitativo (SQ) cuxo núcleo é *todo*:

Fig. 4



Obsérvese que:

3. *seino* (gl)
lo sé (es)

pode transformarse en:


4. *seino todo* (gl)
lo sé todo (es)

Desta maneira, é claro que o obxecto pode facer explícito, como acontece co suxeito.

5. O número de clítics

Outra cuestión importante é saber cuántos clítics funcionan como *funtores*². Nisto, as linguas románicas pódense dividir en dous grandes grupos. Se atendemos para o cadro presentado na figura 3, vemos que o francés e o friulano (pero tamén todos os falares galoitálicos, incluído o veneciano) teñen funtores de suxeito alén dos de obxecto, mentres que o resto das linguas románicas obxecto do noso estudo carecen de funtores de suxeito e teñen nada máis os de obxecto. Isto lévanos á consideración de cantos funtores poden aparecer como máximo nunha oración.

Nas linguas románicas do sul (iberorrománico, sardo e italo-románico) hai ata tres sintagmas de concordancia, pero só os de obxecto teñen un clítico como núcleo (fig. 5):



O caso anterior, expresado en galego e castelán, sería idéntico en catalán, italiano e sardo (o feito de teren un tempo verbal composto simplemente varía o movemento do verbo principal e do auxiliar, mais os clítics soben co verbo auxiliar no canto de co principal):

5. *M'ho van dir* (ct)
Mi l'hanno detto (it)
Mi l'ant nadu (sr)

² Empregaremos o termo *funtores* para nos referir a estes clítics que son núcleos dos distintos sintagmas de concordancia.

6. Clíticos de suxeito

Como xa sinalamos anteriormente, o galorrománico e mais o galoitálico, así como o retorrománico (o friulano é a lingua que manexamos) posúen funtores de suxeito. O feito destes clíticos seren núcleo do SCONCS evita que estas linguas produzan ambigüidade co as desinencias³. Desta maneira, o francés e o friulano tamén posúen un suxeito *pro* como as demais linguas románicas (fig.6), que se pode facer explícito en casos enfáticos, como nas demais linguas románicas (fig.7)

O feito de existir en francés falado unha construción como a do exemplo:

6. *Jean, il voit la télé*


é unha nova razón que sostén a nosa teoría dos clíticos de suxeito seren o núcleo de SCONCS nesta lingua e tamén no galo itálico (friulano nos nosos exemplos).

O francés escrito e formal evita o clítico nos casos de terceira persoa cando o suxeito é explícito, mais non fan así os falares galoitálicos. Obsérvase o exemplo friulano da análise:

7. *Zorç al cjale la television*

En galoitálico e retorrománico é obrigatorio que funtor e suxeito tónico estean presentes, mesmo na linguaxe formal. Véxase pois:


Fig. 6



e tamén:

³ É ben sabido que en francés é este clítico de suxeito o que permite identificar o suxeito: *je parle, tu parles, il parle*, etc. A diferenza coas linguas do sul é que nestas segundas o núcleo do dito sintagma de concordancia do suxeito é unha desinencia e aquí é un funtor.

Fig. 7




7. O comportamento do inglés e do árabe

Imos saír do ámbito románico para atender a un par de casos en dúas linguas non románicas para comprobar que a teoría da concordancia de suxeito ou de obxecto tamén serve noutras linguas.

No caso do idioma inglés (o máis romanizado de todos os xermánicos, mesmo na súa sintaxe), hai razóns para supor que o tratamento que ten dos clícticos de suxeito é igual que o que ten o francés.


Na literatura xerativista, o chamado pronome suxeito do inglés é un operador que ocupa o núcleo do SD que se empraza no especificador do SCONCS, como se mostra (fig.8).

Fig. 8



Na nosa opinión, tal análise podería ser reinterpretada como na fig. 9 (compárese coa fig. 6 do exemplo francés), onde tal pronome é un clíctico ou funtor, que obriga o verbo a subir a SCONCS, como nas linguas románicas, cando é simple (outramente é o auxiliar ou modal).

Fig. 9




No caso de haber unha forma enfática (fig. 10), o inglés evitaría que o clítico ficase como no caso anterior e no seu lugar aparecería unha categoría baleira, mentres que un pronome tónico –daquela xa non un clítico– ocupa a posición de suxeito no especificador de SCONCS. É case como en francés, mesmo en casos coloquiais, que admiten un suxeito tónico e un funtor de suxeito:

8. *John he was my friend*

Certamente, son construcións coloquiais non admitidas na lingua padrón pero que confirmarían a nosa teoría.


Fig. 10



E canto ao árabe, diremos que o comportamento dos seus clíticos pode considerarse como o dos románicos no caso do obxecto⁴

⁴ Para o suxeito, coa existencia de *pro* tamén é semellante aos romances agás que a concordancia verbal se entende dunha maneira diferente, pois o verbo non posúe concordancia de número cando vai no comezo da oración, aínda que si de xénero –en árabe a segunda e a terceira persoas teñen xénero, masculino e feminino, con desinencias diferentes e con pronomes tamén diferentes.

Fig. 11




8. O pleonasmismo


Trataremos agora de dar unha explicación a este fenómeno tan común nas linguas románicas. O pleonasmismo consiste na presenza do clítico a pesar da presenza do obxecto ao que se refire. Tal proceder resulta reiterativo, mais aparece constantemente aínda que con mínimas diferenzas segundo as linguas románicas, tal como describiremos a continuación. En principio, en todas as nosas linguas obxecto de estudo, sexa na lingua formal ou na falada (ou en ambas as dúas), o pleonasmismo de obxecto é normal cando o obxecto está focalizado e, por tanto, colocado no inicio da oración.

En calquera caso, a nosa representación dos clíticos como núcleos funcionais permítenos expresar cal é o comportamento do pleonasmismo nas linguas románicas. A focalización sen pleonasmismo (moi formal en iberorrománico, tanto que se pode considerar un arcaísmo, vid. fig. 12) carece de SCONCO

Fig. 12



mentres que a focalización con pleonasmismo si o ten (fig. 13).



8.1. En friulano

En friulano, como nas linguas do grupo retorrománico e galoitálico, o pleonasma é obrigatorio para o suxeito e normal para o obxecto ou os obxectos.

9. *Mê fie e vûl maridâsi*
(=miña filla _{FUNT} quiere casar)
10. *Ancje la riviste al sarès di presentâle*
(= tamén a revista _{FUNT} has presentala?)

8.2. En francés

En francés, o pleonasma de suxeito é normal na lingua falada, máis no francés quebequés que no europeo:

11. *Ma fille a veut se marrier* (Qebec)⁵
12. *Jean, il est ici*

Os exemplos anteriores son inaceptábeis na lingua escrita, pero correntes na fala. Para o caso do pleonasma de obxecto por focalización, o francés úsao cando os clíticos son os de acusativo e xenitivo:

13. *Le livre, je l'ai pas lu*
14. *Du pain, j'en veux pas, merci*

8.3. En italiano

Só podemos achar exemplos de pleonasma de obxecto, mais estes limitáanse á lingua falada, pois na lingua escrita non se usan. Ademais, aparece nos tres casos: acusativo, xenitivo e dativo. Obsérvanse os seguintes contrastes:

15. *A lui non gli ho detto niente* (falado)
A lui non ho detto niente (escrito)

⁵ Exemplo tomado de R. PONTISSO (2003): *Friulan*, <http://www.geocities.com/rpontisso/> Consultado marzo 2003.

16. *Pane non **ne** voglio adesso* (falado)
Pane non voglio adesso (escrito)
17. *Giovanni l'hai visto oggi?* (falado)
Giovanni hai visto oggi? (escrito)

8.4. En catalán e sardo

En catalán e sardo danse os mesmo casos do italiano, agás que aquí sen necesidade de recorrer á lingua falada para utilizalo, pois na lingua escrita son iguais. Con todo, á diferenza do que acontece en italiano e, coincidindo nisto co iberorrománico, o pleonasma dáse tamén en casos en que non hai focalización (moi frecuente ademais en sardo) . Vexamos os exemplos sardos:

18. *Los tengio in domo sos libros*
19. *No **nde** ischis nudda de cussu*
20. *Bi l'apo sprigadu a issu*

En catalán son máis normais no caso do obxecto indirecto:

21. *Li vaig dir a en Francesc la veritat*

8.5. En iberorrománico

Nas linguas iberorrománicas (galego, portugués, asturiano, mirandés, aragonés e castelán), a situación é idéntica á representada para o sardo, agás que non existen os mesmos casos como xa foi exposto na fig. 3.

9. A concordancia dos participios


Estamos perante un caso bastante frecuente que mostra dous comportamentos sintácticos distintos. Dunha banda, a concordancia de obxecto propia do románico central (galorrománico, italo-románico e sardo-románico) e doutra o comportamento do asturiano cuxas construcións de *tener* + V_{ppo} . Estas segundas virán expostas despois.

No caso italiano (e basicamente no francés, que é algo máis complexo por mor do clítico de suxeito), a colocación dos sintagmas funcionais é a que aparece na análise anexa (fig. 14):

22. [SCONCS [SCONCO [ST [SV]]]]


Esta mesma estrutura vale para *ter* + V_{ppo} do galego-portugués, onde ás veces hai concordancia, de xeito que funcionan como verdadeiros tempos compostos.

Fig. 14




No caso do asturiano, non hai concordancia do participio, mais este, nun caso único dentro das linguas iberorrománicas (e en xeral as románicas), permite que o participio leve xunto a el o clítico de obxecto. Mentres en románico central soben á SCONCS todos os núcleos funcionais, en asturiano SCONCO pode considerarse débil, en termos chomskianos, e non permite o ascenso nin do participio nin do clítico (fig. 15):

Fig. 15



No iberorrománico xeral –asturiano aparte como acabamos de ver–, o comportamento é moito máis simple, aínda que a lingua medieval se comportaba como en galorrománico e itallorrománico. Nestas linguas, o participio non ascende e o clítico núcleo do SCONCO ascende ata SCONCS (fig. 16):


Fig. 16



10. Un caso concreto de orde dos clíticos: a mesóclise

A mesóclise o tmese, normal no portugués escrito e que foi outrora coñecida do español e do galego é un fenómeno polo cal o clítico vai situado entre o verbo principal e o auxiliar. A súa interpretación sintáctica é a que aparece na fig. 17:

Fig. 17



A interpretación que damos en xeral á énclise e á próclise non é que os sintagmas funcionais adiquiran posicións diferentes, senón que no primeiro sintagma, o derradeiro en ser alcanzado, os elementos que veñen en ascenso, de feito por un proceso que poderíamos case considerar unha fusión en termos xerativistas, mudan a súa posición dependendo de regras específicas de cada lingua. As máis complexas son as das linguas occidentais da Península Ibérica, onde a énclise e a próclise segue unhas normas moi precisas, á diferencia do que acontece no resto dos romances.

Tal diferenza podería representarse a través das figuras 18 (próclise) e 19 (énclise) en galego, onde os movementos se producen dentro de SCONCS, o máis elevado. Outra interpretación, como que a colocación dos distintos sintagmas de concordancia teñen posicións diferentes resulta demasiado complexa e non parece axustarse á realidade.

Fig. 18





Fig. 19



Referencias bibliográficas

- CADORINI, GIORGIO: "Appunti sulla declinazione del pronome clítico di terza persona in italiano". S. WIDLAK (a cura di). *Italianità e italianistica nell'Europa centrale e orientale. Atti del II Convegno degli italianisti dell'Europa centrale e orientale*. Cracovia, Università Jagellonica, 11-13 aprile 1996. Cracovia, 17-24. 1997.
- CADORINI, GIORGIO: *Furlan diPraghe. Par studiâ la lenghe furlane*. Univerzita Karlova v Praze (<http://urs.ff.cuni.cz/furlan/index.html>). 2002. Consultado marzo 2003.
- CHOMSKY, NOAM: *El programa minimalista*. Alianza Editorial, Madrid. 1999.
- HOJI, HAJIME: "Falsifiability and Repeatability in Generative Grammar: A Case Study of Anaphora and Scope Dependency in Japanese", in <http://www.gges.org/hoji/research/papers/H2002SubmitRevisedAgain-1-17-2003.pdf>. 2003. Consultado marzo 2003.
- MENSCHING, GUIDO (im Druck): "Minimalistische Syntax romanischer Sprachen. erscheint" in: STARK, ELISABETH /WANDRUSZKA, MARIO (im Druck): *Syntaxtheorien: Modelle, Methoden, Motive*. Akten der Sektion 2 des Romanistentags in München, 2001.
- PONTISSO, ROBERTO (2003): *Friulan*, <http://www.geocities.com/rpontisso/> 2003. Consultado marzo 2003.
- ROLSHOVEN, JÜRGEN / LALANDE, JEAN-YVES / MENSCHING, GUIDO (1998). *Erzeugung, Repräsentation und Evaluierung linguistischen Wissens zur Verbstellung in romanischen Sprachen in einem CAD-orientierten Expertensystem. Abschlussbericht* (DFG-Projekt-GZ.: RO 524/5-1). Ms. sen publicar, Universidade de Colonia.